



Concello de Cangas

Expediente num: 1415/2020

Procedemento: Medidas COVID-19

Documento: Decreto de Alcaldía de reapertura dos parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre

DECRETO DE ALCALDÍA

Por decreto da Alcaldía núm. 2020-2216 de data 03/11/2020 por mor da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 dispúxose “*Ordenar o peche dos parques infantís, parques biosaudables, pistas de skate e canchas de petanca e chave municipais durante o tempo imprescindible para asegurar a protección dos cidadáns por concorrer circunstancias de risco extraordinario para a saúde*”, medida que se prolongou no tempo ata a actualidade en función da evolución da crise.

Precisamente por motivo da favorable evolución daquela na actualidade considerase oportuno proceder a reapertura dos citados espazos sen prexuízo da obriga de cumprir cos requisitos e obrigas establecidos na normativa vixente e en particular co disposto no apartado 3.13 da orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia en relación cos parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

En exercicio das competencias que lle outorga a esta Alcaldía a normativa de aplicación

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Ordenar a reapertura dos parques infantís, parques biosaudables, pistas de skate, canchas de petanca e chave e demais espazos de uso público ao aire libre municipais que permanecían pechados en aplicación do decreto da Alcaldía núm. 2020-2216 de data 03/11/2020 debendo respectar as obrigas sobre capacidade máxima e as medidas necesarias de prevención e hixiene establecidas na normativa de aplicación vixentes en cada momento.

SEGUNDO: Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello para o seu xeral coñecemento indicando que será efectiva dende o momento da súa publicación e que contra ela, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía desta Entidade, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da citada publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9TKGGY2Q2Y6K9QKDYKSKS5TFNN | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9TKGGYZQ2Y6K9QKDYSKSTFNN | Corrección: <https://cangas.selectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2